

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA(UDC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVAS ACCIÓNS DE I+D+i.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

COMPARECEN

(...), conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante a Consellería), nomeado mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 217 do 14 de novembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

(...), reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (en adiante SUG) son entidades de dereito público que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura orgánica da consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do sistema de innovación. Tal xestión concrétese na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

TERCEIRO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica.

Compre polo tanto afrontar un conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

CUARTO.- Que H2020 é a estratexia de especialización da Unión Europea para facer fronte á crise e acadar unha economía intelixente, sustentable e integradora que goce de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social. Nesta estratexia destácase o papel fundamental da investigación e da innovación na preparación da Unión Europea ante os desafíos futuros e sinala cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía.

A estratexia Europa 2020 considera que o apoio á investigación e á innovación terá que desenvolverse ao redor da excelencia científica, as industrias competitivas e unha mellor sociedade, centrando o investimento nos principais problemas comúns de todos os europeos, como o cambio climático e a competitividade da enerxía renovable ou os desafíos dunha poboación cada vez máis envellecida.

Non se debe esquecer que, no marco estratéxico común 2014-2020, a Comisión Europea considera a innovación como un dos obxectivos temáticos aos que se destinarán os fondos comunitarios nese período. O investimento público orientarase ao que se denomina “concentración temática”, cunha política aplicada a prioridades moi concretas que favorezan o crecemento, a adecuación dos fondos ás propostas das rexións onde se apliquen, seguindo unha estratexia de gasto baseada nas súas propias necesidades e retos do seu desenvolvemento.

QUINTO.- Estímase que as actuacións previstas no presente convenio son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co seu Eixo E1 (“Empregabilidade e crecemento intelixente”), Prioridade de actuación PA01 (“Impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas ao I+D+i”), no obxectivo estratéxico OE02 (“Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega”).

SEXTO.- Que, a partir da situación actual, a Consellería e a UDC consideran necesario impulsar a ordenación, estruturación e potenciación da INVESTIGACIÓN.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería e a UDC para o desenvolvemento de novas accións estratéxicas de I+D+i co fin de estruturar e potenciar a actividade investigadora da propia UDC.



O orzamento será de 1.709.000, 00 €, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS	
1. ACTUACIÓNS NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL	
1.1 Oficina do Campus Industrial	121.000,00 €
1.2 Promoción e Difusión	65.000,00 €
1.3 Internacionalización	110.000,00 €
1.4 Acondicionamento das Infraestruturas, equipamento e recursos docentes	400.000,00 €
TOTAL	696.000,00 €
2. ACTUACIÓNS NOS CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN: Campus Innova e Campus Sustentabilidade	
2.1 Lanzamento dos Campus	120.000,00 €
2.2 Oficina dos Campus	133.000,00 €
2.3 Promoción e Difusión	40.000,00 €
2.4 Investigación e Transferencia	60.000,00 €
2.5 Organización de Congresos Internacionais	20.000,00 €
TOTAL	373.000,00 €
3. ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTO MATERIAL E INMATERIAL	
3.1 Edificios, outras construcións, instalacións e equipamentos	400.000,00 €
3.2 Renovación tecnolóxica e sistemas de información	50.000,00 €
3.3 Impulso da competitividade dos centros de investigación	80.000,00 €
3.4 Reforzo para o apoio da xestión da investigación	110.000,00 €
TOTAL	640.000,00 €
TOTALFINAL	1.709.000,00 €

SEGUNDA.- Actuacións

1. ACTUACIÓN NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL

A Universidade da Coruña está a desenvolver dende o ano 2016 o campus de especialización "Campus Industrial de Ferrol". Trátase dunha iniciativa estratéxica onde a UDC aposta pola especialización do Sistema Universitario Galego baseada en dous principios: a capacidade científico-tecnolóxica e a singularidade que a Universidade ten no ámbito industrial, naval e oceánico no seu Campus de Ferrol.

1. ACTUACIÓNS NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL	
1.1 Oficina do Campus Industrial	121.000,00 €
1.2 Promoción e Difusión	65.000,00 €
1.3 Internacionalización	110.000,00 €
1.4 Acondicionamento das Infraestruturas, equipamento e recursos docentes	400.000,00 €
TOTAL	696.000,00 €

1.1 Oficina do Campus Industrial

As actuacións centradas na oficina do Campus Industrial de Ferrol están orientadas a seguir dando a coñecer o campus industrial e realizar a coordinación de tódalas actividades que se levan a cabo. A continuidade da oficina permitirá afondar na relación do campus con todos os axentes interesados na actividade investigadora e de transferencia a desenvolver no Campus Industrial.

As accións previstas son as seguintes: contratación de persoal; asistencia técnica para a planificación da Agrupación Estratéxica do Campus Industrial de Ferrol; equipamentos, material de oficina e gastos de protocolo e representación e desprazamentos e viaxes asociados.

1.2 Promoción e Difusión

Trátase de dar a coñecer a nova oferta académica asociada ao Campus Industrial de Ferrol entre os potenciais estudantes e permitir apoiar o traballo de elaboración de novos títulos académicos.

As accións son: técnico de comercialización e difusión; apoio á coordinación e apoio no deseño e estratexia de difusión do campus industrial de Ferrol.

1.3 Internacionalización

A estratexia iniciada de potenciar a comercialización e a transferencia de resultados de investigación ao tecido empresarial e á sociedade en xeral, así como posicionar a oferta académica no exterior, vai permitir afianzar e incrementar as relacións en materia de docencia, investigación e transferencia do Campus Industrial de Ferrol co exterior, incrementando a presenza de estudantes estranxeiros e de iniciativas de colaboración en docencia e investigación con institucións estranxeiras.

As accións previstas son: axente para a comercialización e representación da UDC; accións de apoio local e bolsas para estudantes; viaxe e aloxamento en desprazamentos; elaboración e edición de materiais opcionais e organización de eventos, seminarios e outras actividades de soporte.

1.4 Acondicionamento das infraestruturas, equipamento básico e recursos docentes

O acondicionamento das infraestruturas pretende adaptar as infraestruturas actuais ás novas necesidades docentes. Trátase de poñer en marcha unha docencia moito máis interactiva, cunha visión práctica e con novos medios tecnolóxicos que estimule a aprendizaxe grupal e a iniciativa emprendedora do estudantado.

As accións están centradas en laboratorios e recursos docentes.

Laboratorios:

- Escola Politécnica Superior: videoxogos, talleres de enxeñaría ...
- Facultade de Humanidades: acondicionamento da Aula de creación, debuxo, expresión gráfica e deseño, Aulas taller de informática ...
- Escola Universitaria de Deseño Industrial: escáner 3D, software CAD/CAM, Equipamento especializado para deseño e fabricación ...
- Material e recursos bibliográficos, webgráficos e outros recursos ou contidos audiovisuais para a nova oferta formativa.

Recursos docentes:

- Contratación de persoal docente (Asociados P03/P04 e P06).
- Seminarios especializados.

2. ACTUACIÓN CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN: Campus Innova e Campus Sustentabilidade

Esta estratexia está orientada a impulsar a posta en marcha e presentar á sociedade os dous campus de especialización en base ás súas fortalezas e capacidades singulares: o Campus Innova e o Campus de Sustentabilidade que se veñen a sumar ao Campus Industrial do Campus de Ferrol.

O principal obxectivo do Campus Innova é consolidarse en áreas de coñecemento vinculadas á innovación nas tecnoloxías da información e comunicación, á innovación aplicada á edificación e enxeñería civil e ás tics aplicadas ás humanidades e contidos dixitais.

O principal obxectivo do Campus de Sustentabilidade é consolidarse en áreas de coñecemento vinculadas ao urbanismo e a paisaxe, a sustentabilidade ambiental, social e económica e a vida saudable.

2. ACTUACIÓNS NOS CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN: Campus Innova e Campus Sustentabilidade	
2.1 Lanzamento dos Campus	120.000,00 €
2.2 Oficina técnica dos Campus	133.000,00 €
2.3 Promoción e Difusión	40.000,00 €
2.4 Investigación e Transferencia	60.000,00 €
2.5 Organización de Congresos Internacionais	20.000,00 €
TOTAL	373.000,00 €

2.1 Lanzamento dos Campus

Permitirá dar a coñecer os campus de especialización ao conxunto da comunidade universitaria e á sociedade en xeral, e a súa aposta estratéxica en materia de docencia, investigación e transferencia, así como buscar sinerxías con empresas, institucións e axentes sociais.

As accións previstas son: desenvolvemento da imaxe corporativa; *landingpage* de cada evento e videos promocionais; deseño e edición de materiais divulgativos; *merchandising* asociado para asistentes; secretaría técnica dos eventos; mobiliario multifunción.

2.2 Oficina técnica

Permitirá realizar a coordinación de tódalas actividades que se porán en marcha.

Dentro das accións previstas están: viaxes para promoción e xestión dos campus Innova e Sustentabilidade; técnicos administrativos; técnicos de investigación-transferencia; acondicionamento e dotación de equipamento básico para as oficinas técnicas dos Campus.

2.3 Promoción e Difusión

Actuacións centradas especificamente na promoción e difusión do Campus Innova e do Campus da Sustentabilidade.

2.4 Investigación e transferencia

A estratexia de potenciar a comercialización e a transferencia de resultados de investigación ao tecido empresarial e á sociedade en xeral e de posicionar a oferta académica no exterior.

As accións de internacionalización céntranse en implantar programas académicos bilingües, o desenvolvemento de máis doutorados europeos, participación en convocatorias de proxectos de investigación europeos ou programas específicos no eido das TIC, a edificación e enxeñería civil, a lingüística e humanidades ou a sustentabilidade nas súas dimensións económica, social ou ambiental.

2.4.1 Campus Innova: xornadas e reunións científicas, investigadores visitantes e programa de internacionalización (bolsas, etc...).

2.4.2 Campus Sustentabilidade: xornadas e reunións científicas, elaboración e preparación dun proxecto europeo no eido da sustentabilidade.

2.5 Organización de Congresos Internacionais

As accións centranse na organización de Congresos Internacionais que reúnan os expertos nas áreas de especialización dos Campus.

3. ACTUACIÓN DE INVESTIMENTO MATERIAL E INMATERIAL

Son accións dirixidas á mellora de unidades e centros de investigación, renovación tecnolóxica e promoción da investigación e transferencia; a implantación continua de medidas singulares para a potenciación da investigación e da transferencia, implantar políticas de aforro enerxética, e facer reformas nos seus edificios coa finalidade de garantir a súa sustentabilidade (algúns dos proxectos supoñen a continuación ou execución de proxectos que se desenvolveron no ano 2017)

3. ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTO MATERIAL E INMATERIAL	
3.1 Edificios, outras construcións, instalacións e equipamentos	400.000,00 €
3.2 Renovación tecnolóxica e sistemas de información	50.000,00 €
3.3 Impulso da competitividade dos centros de investigación	80.000,00 €
3.4 Reforzo para o apoio da xestión da investigación	110.000,00 €
TOTAL	640.000,00 €

3.1 Edificios, outras construcións, instalacións e equipamentos

3.1.1 Edificios e outras construcións

- Proxecto para a reforma de locais para habilitar unidades de investigación para terceiro ciclo, Escola Internacional de Doutoramento (EID) e sala de reunións para soporte e apoio. Servizos de apoio á investigación (Edificio LERD).
- Proxecto para climatización e aforro enerxético das instalacións, instalación free-cooling para optimización de uso de equipos e mellora da ventilación. Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI).
- Acondicionamento e equipamento nos centros de Socioloxía e Arquitectura: insonorización da sala de traballo para investigadores na biblioteca; protección de equipamento para corte con precisión e prevención de riscos.
- Acondicionamento dunha Sala para o CITIC (Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e Comunicación).
- Definición do proxecto e eficiencia enerxética e implantación do proxecto en Servizos Centrais (1ª fase).

3.1.2 Instalacións e Equipamentos

- Mobiliario e equipamento para o CICA (Centro de Investigacións Científicas Avanzadas): laboratorio de biomedicina e laboratorio de química.
- Escola Internacional de Doutoramento (EID): mobiliario, sinalética, sala de videoconferencias e equipamento informático.
- CITIC (Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e da Comunicación): renovación de ventilación do Centro de Proceso de Datos.
- Mellora e acondicionamento de outras unidades e/ou Centros de Investigación.

3.2 Renovación tecnolóxica e sistemas de información

3.2.1 Laboratorio de Producción de contidos dixitais e de Animación Audiovisual: renovación e mellora de hardware e de software.

3.3 Impulso da competitividade dos centros de investigación

3.3.1 Fortalecemento das funcións de innovación e transferencia de resultados: contrato de persoal de apoio para a unidade de innovación.

3.3.2 Atracción e retención de talento científico: organización do *Workshop Anual Talento 2018*; formación transversal a xóvenes investigadores.

3.3.3 Accións de apoio ás Axendas Estratéxicas de Investigación dos Centros: servizo de consultoría para realización dun estudo métrico das tendencias mundiais en investigación do sector con indicadores; convocatoria interna de Proxectos Colaborativos alineados coa Axenda Estratéxica de Investigación.

3.3.4 Posicionamento dos centros en sectores estratéxicos: cuotas de asociacións científicas, clústers, plataformas tecnolóxicas...

3.4 Reforzo para apoio da xestión da investigación

Neste apartado está incluído o seguinte persoal:

- Unidades de apoio a transferencia dos resultados da investigación (OTRI).
- Persoal do Servizo de Apoio á Investigación (SAI).
- Persoal do Centro de Investigación de Tecnoloxías de Información e Comunicación (CITIC).
- Persoal do CICA (Centro de Investigacións Científicas Avanzadas).

TERCEIRA.- Financiamento

A dotación da CONSELLERÍA para este convenio é de un millón setecentos nove mil euros (1.709.000,00 €), con cargo ao Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), de acordo coa seguinte aplicación orzamentaria: 10.40.561B.744.0 código de proxecto (2016 00129), o reparto deste importe por anualidades é como se indica na seguinte táboa:

O resumo da asignación total de recursos para as accións descritas é o seguinte:

RESUMO FINAL	
ACTUACIÓNS	
1. ACTUACIÓNS NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL	696.000,00 €
2. ACTUACIÓNS NOS CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN	373.000,00 €
3. ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTO MATERIAL E INMATERIAL	640.000,00 €
TOTAL	1.709.000,00 €

Esta cantidade de 1.709.000,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas tamén se poderán incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

CUARTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 15 de decembro de 2018:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá manifestar detalladamente as actuacións realizadas, os conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados. Coa memoria achegarase copia cotexada da xustificación dos gastos (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, ...) e dos pagamentos, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

QUINTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade da Coruña.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2018, e terá vixencia ata o 30 de decembro do 2018.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación e agrupacións estratéxicas do SUG. A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a UDC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da comisión de seguimento.

NOVENA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

galicia

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente por triplicado.

(...)

Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

(...)

Reitor da UDC